



- Dous peóns de servizos múltiples no Concello de Chandrexa de Queixa.

O Concello de Chandrexa de Queixa, abre o prazo de presentación das instancias para a participación no proceso de selección por concurso de méritos, que será de cinco (5) días hábiles que se computarán a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados poderán consultar as bases de selección na páxina web do concello:

www.chandrexadegueixa.es/index.php/gl/.

Chandrexa de Queixa, 16 de abril de 2021. O alcalde.

Asdo.: Francisco Rodríguez Rodríguez.

Convocatoria para la contratación de personal laboral temporal bajo la modalidad de obra o servicio determinado para los siguientes puestos de trabajo:

- Dos peones de servicios múltiples en el Ayuntamiento de Chandrexa de Queixa.

El Ayuntamiento de Chandrexa de Queixa, abre el plazo de presentación de instancias para la participación en el proceso de selección por concurso de méritos, que será de cinco (5) días hábiles, a contar a partir del siguiente al de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia. Los interesados podrán consultar las bases de selección en la página web del ayuntamiento:

www.chandrexadegueixa.es/index.php/gl/.

Chandrexa de Queixa, 16 de abril de 2021. El alcalde.

Fdo.: Francisco Rodríguez Rodríguez.

R. 1.107

Melón

Convocatoria e bases específicas para a selección de traballadores laborais temporais para as brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais.

Normas xerais: contratación laboral temporal realizarase na modalidade de contrato de obra e servizo para peóns, peóns-condutores, xefes de brigada e condutores de motobomba na campaña de verán, campaña de extinción de incendios. O contrato estará condicionado á segunda addenda do Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Melón para a participación na prevención de incendios forestais mediante a prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2021, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Denominación da praza: peón de incendios

Réxime: persoal laboral temporal

Titulación exixible: título de graduado en educación secundaria ou graduado escolar ou certificado de escolaridade

Sistema selectivo: concurso-oposición

Núm. de vacantes: 6

Denominación da praza: peón-conductor de incendios

Réxime: persoal laboral temporal

Titulación exixible: título de graduado en educación secundaria ou graduado escolar ou certificado de escolaridade e carné de conducir B

Sistema selectivo: concurso-oposición

Núm. de vacantes: 2

Denominación da praza: xefe de brigada

Réxime: persoal laboral temporal

Titulación exixible: título de enxeñeiro de Montes, enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, técnico en Traballo Forestais

e Conservación do Medio Natural ou formación profesional equivalente e estar en posesión do carné de conducir B

Sistema selectivo: concurso-oposición

Núm. de vacantes: 2

Denominación da praza: conductor motobomba

Réxime: persoal laboral temporal

Titulación exixible: título de graduado en educación secundaria ou graduado escolar ou certificado de escolaridade certificado de escolaridade e carné de conducir C

Sistema selectivo: concurso-oposición

Núm. de vacantes: 3

Modalidade do contrato: a modalidade do contrato é contrato de obra e servizo a xornada completa de carácter temporal para cubrir as prazas de peóns de incendios forestais, peóns condutores de incendios forestais, xefes de brigada e condutores de motobomba na campaña de verán.

Condicións de admisión de aspirantes: para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, conforme co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público. b) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela. c) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada. No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores. d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas. As convocatorias dos procesos selectivos poden establecer con carácter abstracto e xeral requisitos específicos de acceso que garden relación obxectiva e proporcionada coas funcións e tarefas correspondentes á praza á que se opta. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación das probas. A discapacidade e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.

Forma e prazo de presentación de instancias: as solicitudes (anexo II) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte dirixíranse ao alcalde do Concello, presentáranse no rexistro electrónico xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, as bases da convocato-



ria publicaranse na sede electrónica deste Concello <http://concellodemelon.sedelectronica.gal> e no taboleiro de anuncios do Concello. As solicitudes presentaranse no modelo de instancia que se facilitará nas oficinas municipais (modelo anexo II das presentes bases) e irán acompañadas dos seguintes documentos: 1. Fotocopia do DNI. 2. Fotocopia do carné de conducir exixido, segundo o posto. 3. Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados 4. Fotocopia do título acreditativo de coñecemento da lingua galega Celga ou equivalente. En todo caso, e de acordo co previsto no artigo 51.2 da Lei de emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da lingua galega requirido (Celga, ou equivalente), ou de estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán obter, para a definitiva superación do proceso selectivo, a cualificación de apto/a na proba específica de coñecemento da lingua galega que deberán realizar. 5. Certificado médico de recoñecemento médico-psicológico que avalíe a súa adecuación ao posto que se vai desempeñar.

Admisión de aspirantes: unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo de máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello <http://concellodemelon.sedelectronica.gal> e para maior difusión, no taboleiro de anuncios do Concello e concederá un prazo de 10 días hábiles para a corrección ou emendas de defectos. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos. Logo de transcorrer o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándolas ou desestimándolas con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica. A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Tribunal cualificador: os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. O número dos membros dos tribunais nunca será inferior a cinco, así mesmo, a súa composición será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas. En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección: a) O persoal de elección ou de designación política. b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal. c) O persoal eventual. d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores. Seguindo o disposto no artigo 59.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira una titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio do seu discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estricto cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos

para o desenvolvemento do proceso selectivo. A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos: procedemento de selección: o sistema de selección consistirá en concurso-oposición.

Valoración da fase de oposición: (máximo 20 puntos)

Fase de oposición: a fase de oposición consistirá na realización de probas de aptitude eliminatorias e obrigatorias para os aspirantes. Os aspirantes teñen dereito a elixir libremente a lingua oficial da Comunidade Autónoma na que os desexan realizar, o que leva á súa vez o dereito a recibir na mesma lingua os enunciados dos exercicios. Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal. En calquera momento o tribunal poderá requirir aos aspirantes para que acrediten a súa personalidade. Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir. A práctica das probas será eliminatoria, cualificándose ata un máximo de 20 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non alcancen o mínimo de puntos esixidos en cada unha delas. A puntuación de cada un dos exercicios establecerase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do tribunal.

1.- Proba tipo test sobre as materias - anexo I (máximo 20 puntos)

*.- Proba de coñecemento da lingua galega (apto/non apto, de ser o caso)

As probas da oposición serán as seguintes:

Primeira proba: realización dun exame tipo test que versará sobre temas comúns e materias do programa descritos no anexo I.

- Peón, peón-condutor, conductor de motobomba: exame tipo test de 10 preguntas con catro posibles respostas das que unha soa será verdadeira relacionadas cos temas do anexo I. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de vinte minutos. Cada resposta correcta puntuarase con 1 punto e as respostas erradas penalizarán con 0,5 puntos. As respostas en branco non penalizarán. Será cualificada cunha puntuación de 0 a 10 puntos, sendo necesaria para superala unha puntuación mínima de 5 puntos.

- Xefe de brigada: exame tipo test de 20 preguntas con catro posibles respostas das que unha soa será verdadeira relacionadas cos temas do anexo I. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de corenta minutos. Cada resposta correcta puntuarase con 1 punto, as respostas erradas penalizarán con 0,5 puntos e as respostas en branco non penalizarán. Será cualificada cunha puntuación de 0 a 20 puntos, sendo necesaria para superala unha puntuación mínima de 10 puntos.

*.- Coñecemento da lingua galega (apto/non apto). Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como á promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente, que consistirá en contestar a un cuestionario tipo



test de 10 preguntas que acrediten o coñecemento da lingua galega nun tempo máximo de 20 minutos, sendo necesario acadar para obter a condición de apto a puntuación mínima de 5 respostas correctas. Cada resposta correcta puntuarase con 1 punto, e as respostas erradas e as respostas en branco non penalizarán.

A cualificación da fase de oposición será un máximo de 20 puntos. Unha vez finalizada a oposición, o tribunal procederá a valorar os méritos e servizos dos aspirantes que sexan considerados como aptos na citada fase de oposición. Só aos aspirantes que superen a oposición se lles valorarán na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente e que serán:

Fase de concurso: (máximo 15 puntos)

A/ Experiencia profesional: (máximo 10 puntos)

▸ Por cada mes de servizos realizando tarefas con igual ou superior categoría e relacionados directamente con traballos similares aos ofertados nas administracións públicas: 1 punto/mes.

▸ Por cada mes de servizos realizando tarefas con igual ou superior categoría e relacionados directamente con traballos similares aos ofertados en empresas privadas: 0,50 puntos/mes.

- Non se valorará o traballo por períodos inferiores a un mes.
- A forma de acreditación será mediante a aportación de vida laboral, copia de contratos e no caso de experiencia na Administración Pública será preciso certificado emitido pola Secretaría da Administración Pública na que se realizaron as tarefas que se acreditan.

B/ Formación: (máximo 4 puntos)

Por cursos de formación superados relacionados co posto.

▸ Ata 14 horas: 0,05 por curso

▸ De 15 a 29 horas: 0,10 puntos por curso

▸ De 30 a 99 horas: 0,20 puntos por curso

▸ De 100 a 199 horas: 0,50 puntos por curso

▸ De 200 ou máis horas: 0,75 puntos por curso

- A actividade formativa deberá ser acreditada co título ou certificado correspondente emitidos por Administración Pública ou entidade privada homologada onde se indique a duración en horas da actividade. Cando o documento acreditativo non especifique o número de horas outorgarase a puntuación mínima. Se a duración da actividade fose indicada en créditos, cada un deles computarase como 10 horas.

C/ Outros: (1 punto)

Por atoparse en situación de desemprego debidamente rexistrado como tal nas correspondentes oficinas de emprego, 1 punto.

- En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Cualificación: a cualificación final será a suma dos puntos obtidos na fase de oposición e a obtida na fase de concurso, a puntuación total de todos os exercicios será de 35 puntos.

Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato

Unha vez concluídas as probas, elevarase ao órgano competente a proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito. O órgano competente procederá á formalización dos contratos tras a acreditación previa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria. Logo de formalizar o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concerta-

ción; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos realizados. Téñase en conta que ata que se formalicen estes e se incorporen aos postos de traballo correspondentes, os aspirantes non terán dereito a percepción económica ningunha. Unha vez incorporados aos postos de traballo, os aspirantes deberán realizar unha proba física e superar un curso para demostrar as súas habilidades e coñecementos profesionais atendendo á categoría que van desempeñar (xefe de brigada, peón de brigada - condutor ou peón e brigada). Elaborarase unha lista cos candidatos suplentes: os candidatos que ocupen a posición inmediatamente posterior serán chamados para ocupar prazas nos casos de baixa, enfermidade, ausencia ou outros supostos de vacancia temporal ou definitiva da praza por parte do titular. No caso de que os titulares ou suplentes rexeiten formalmente o posto de traballo, continuarase a orde de prelación establecida na lista para os sucesivos chamamentos.

Incidencias. As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, tras o contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio. No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, e o Convenio colectivo do persoal do concello, no seu caso.

Melón, na data da sinatura electrónica ao marxe
O alcalde. Asdo.: Emilio Luís Díaz Vidal

Anexo I

Peón de incendios, peón-condutor de incendios e condutor de motobomba:

Tema 1.- A defensa contra incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais. A rede de radio. Os sistemas de comunicacións. A transmisión de datos dun lume.

Tema 2.- Lume forestal e o seu comportamento. O ataque directo e indirecto.

Tema 3.- Extinción de incendios forestais: técnicas de extinción, primeiro ataque e ataque ampliado, o contralume. Retardantes.

Tema 4.- Prevención. Accións sobre o territorio. Infraestruturas defensivas. Accións sobre a poboación.

Tema 5.- A seguridade persoal e a prevención de accidentes.

Tema 6.- Constitución española.

Tema 7.- Coñecemento do municipio de Melón.

Xefe de brigada:

Tema 1.- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).

Tema 2.- Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á

protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

Tema 3.- O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga).

Tema 4.- A defensa contra incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais. A rede de radio. Os sistemas de comunicacións. A transmisión de datos dun lume.

Tema 5.- Lume forestal e o seu comportamento. O ataque directo e indirecto. Os tendidos de manguera. Coordinación do binomio cuadrilla- vehículo autobomba. A dirección de extinción.

Tema 6.- Sistemas de detección e comunicación. Extinción de incendios forestais: técnicas de extinción, primeiro ataque e ataque ampliado, o contralume. Retardantes. Medios, vehículos, maquinaria e aeronaves na extinción de incendios. A coordinación de medios aéreos.

Tema 7.- Prevención. Accións sobre o territorio. Infraestruturas defensivas. Accións sobre a poboación.

Tema 8.- Seguridade e prevención de riscos. A seguridade persoal e a prevención de accidentes.

Tema 9.- Constitución española.

Tema 10.- O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación: competencias municipais.

Tema 11.- Coñecemento do municipio de Melón

Anexoll

Modelo de instancia

D./D.^a con DNI/pasaporte/NIE nº ..., con enderezo en ..., nº ... piso ... porta ... código postal ... municipio provincia ... teléfono de contacto ..., e enderezo electrónico ...declara responsablemente:

- Coñecer as bases que regulan a selección, en réxime de persoal laboral, de ..., as cales asume e acepta na súa integridade.

- Cumprir os requisitos esixidos polas bases da dita convocatoria.

- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que se desempeñan no caso de persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desenvolvemento das correspondentes funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta

E polo exposto, solicita:

Ser admitido no proceso de selección de persoal laboral temporal para o posto de ..., para o que declaran que son certos os datos consignados nesta solicitude.

Coa presente instancia achégase a seguinte documentación:

- Copia cotexada do DNI ou documento que acredite a nacionalidade.

- Copia cotexada carné de conducir.

- Vida laboral.

- Copia cotexada dos contratos de traballo.

- Certificado médico de ser apto para o posto de traballo.

- Copia cotexada de méritos específicos para o posto de traballo.

□ Copia compulsada do certificado Celga ou equivalente.

..., ...de ... de 2021

Asdo./...

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MELÓN

Convocatoria y bases específicas para la selección de laborales temporales para las brigadas de prevención y defensa de incendios forestales.

Normas generales: la contratación temporal se realizará en la modalidad de contratos de obra y servicio para peones de incendios, peones-conductores de incendios, jefes de brigada y conductores de motobomba en la campaña de verano, campaña de extinción de incendios. El contrato estará condicionado a la segunda adenda del Acuerdo Interadministrativo suscrito entre la Consellería de Medio Rural y el Ayuntamiento de Melón para la participación en la prevención de incendios forestales mediante la prevención y defensa contra incendios forestales durante 2021 cofinanciado parcialmente con el Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural (FEADER) en el marco del PDR de Galicia 2014-2020.

Nombre de la plaza: peón de incendios

Régimen: personal laboral temporal

Cualificación requerida: título de graduado en educación secundaria o graduado escolar o certificado de escolaridad

Sistema selectivo: concurso-oposición

Núm. de vacantes: 6

Nombre de la plaza: peón-conductor de incendios

Régimen: personal laboral temporal

Cualificación requerida: título de graduado en educación secundaria o graduado escolar o certificado de escolaridad y carnet de conducir B

Sistema selectivo: concurso-oposición

Núm. de vacantes: 2

Nombre del cargo: jefe de brigada

Régimen: personal laboral temporal

Titulación requerida: título de ingeniero de Montes, ingeniero Técnico Forestal, técnico superior en gestión y organización de recursos naturales y paisajísticos, técnico en trabajos forestales y conservación del medio natural o formación profesional equivalente y estar en posesión de carnet de conducir B

Sistema selectivo: concurso-oposición

Núm. de vacantes: 2

Nombre del lugar: conductor de motobomba

Régimen: personal laboral temporal

Cualificación requerida: título de graduado en educación secundaria o graduado escolar o certificado de escolaridad y carnet de conducir C

Sistema selectivo: concurso-oposición

Núm. de vacantes: 3

Modalidad de contrato: la modalidad de contrato es contrato de obra y servicio a tiempo completo para cubrir las plazas de peón de incendios, peones-conductores de incendios, jefes de brigada y conductores de motobomba en la campaña de verano.

Condiciones de admisión de los aspirantes: para formar parte de las pruebas selectivas será necesario cumplir con los requisitos establecidos en el artículo 50 de la Ley 2/2015, de 29 de abril, de Empleo Público de Galicia: a) Tener la nacionalidad española, o alguna otra que, de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 52 de la Ley 2/2015, permita el acceso a la Administración Pública. b) Estar en posesión del título exigido o en condiciones de poder obtenerlo. c) No estar separado por expediente sancionador del servicio de ninguna Administración Pública o de los órganos constitucionales o estatutarios de las